

# PLAN DIXITAL



## CEIP CASTRELO DE MIÑO

### XUÑO 2022

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1.- Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2.- Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3.- Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4.- Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5.- Difusión do PD

## 1.- Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CENTRO	CEIP CASTRELO DE MIÑO
TIPO DE CENTRO	Colexio Público de Educación Infantil e Primaria
CÓDIGO DO CENTRO	32003503
NIF DO CENTRO	Q8255219A
ENDEREZO	Estrada de Astariz s/n
CÓDIGO POSTAL	32430
CONCELLO	Castrelo de Miño
TELÉFONO	988489090
CORREO ELECTRÓNICO	<a href="mailto:ceip.castrelo.mino@edu.xunta.gal">ceip.castrelo.mino@edu.xunta.gal</a>
PÁXINA WEB	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastrelomino/aulavirtual/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastrelomino/aulavirtual/</a>

### 1.1.1. Número de unidades

Número de unidades:	Ed. Infantil	Ed. Primaria
Catalogadas	1	1
Funcionando	1	1

### 1.1.2. Número de alumnos/as ao inicio do curso:

4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP
4	5	1	2	5	3	5	3	1

### 1.1.3. Órganos Unipersonales:

CARGO	Nome e apelidos	Data última toma posesión
Directora do centro	M. <sup>a</sup> Virginia Álvarez González	01/07/2021

### 1.1.4. Coordinacións (act. Extraescolares, TICs, proxecto lector,...) e outras responsabilidades ( comedor, biblioteca,...)

Coordinación/Responsabilidade	Nome e apelidos
Coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega	M. <sup>a</sup> Virginia Álvarez González
Coordinador Equipo de Biblioteca Escolar	Carolina Varela Marra
TICs	M. <sup>a</sup> Virginia Álvarez González
Encargado Comedor Escola	Manuel Álvarez Rivero

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O ENTORNO O CEIP Castrelo de Miño atópase no concello de Castrelo de Miño na localidade de Astariz, preto de Ribadavia e o noso alumnado procede de diferentes poboacións do Concello. Para a elaboración deste Plan Dixital partimos do contexto onde se atopa enclavado o noso centro e das características do alumnado co cal imos a traballar durante este curso, dándolle a coherencia e a calidade necesaria para a práctica docente diaria.

AS FAMILIAS As familias pertencen a zona rural e a súa implicación non é del todo satisfactoria, e difícil conseguir que veñan ás reunións sobre todo porque algunhas delas non teñen como vir ao colexio e só acoden se se lles chaman directamente. No referente a se dispoñen de dispositivos tecnolóxicos nas súas casas, como ordenadores ou tablets, algúns carecen destes dispositivos, sendo no colexio o único lugar onde o alumnado pode empregalos. A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente logo do curso tanto no eido académico como no tecnolóxico.

O ALUMNADO Como características xerais do alumnado deste centro cabe destacar a súa diversidade. Hai que destacar varios aspectos: hai un número significativo de alumnos e alumnas que presentan dificultades de aprendizaxe, debido a diferentes causas como a falta de continuidade na asistencia, modelos de conducta mal adquiridas, falta de atención, falta de madurez, poucos estímulos, pouco interese,... A maioría do alumnado non dispón de conexión de internet e ordenadores ou tablets nas súas casas, sendo no colexio onde poden traballar e coñecer o seu emprego.

O PROFESORADO co que conta o centro é de catro mestres definitivos, unha profesora de PT e una de Relixión itinerantes. O noso Equipo Docente son profesionais con grande interese na actividade formativa, polo que é imprescindible aunar esforzos, ganas e ilusión de seguir traballando por e para os noso alumnado que son os principais protagonistas da nosa escola.

Este Plan Dixital de Centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe como no resto dos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por esa razón, será *un instrumento que integramos no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual do curso 2022-2023*. Ademais dotaremos ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A necesidade de incorporar a transformación dixital dos centros nos procesos de ensino xustifícase dende diferentes puntos de vista: o desenvolvemento de competencias para unha cidadanía dixital, o acceso democrático á información e o coñecemento, a formación para o traballo e o emprego, a innovación das metodoloxías docentes, a creación de comunidades de aprendizaxe en rede e o desenvolvemento de competencias tecnolóxicas para a innovación

Tendo en conta o mundo no que vivimos é necesario que abordemos a tecnoloxía dende unha perspectiva máis global, mirando ao centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora e actualización que poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo e a comunidade educativa do centro.

Este plan está concibido como un documento vivo que contén os acordos acadados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TICs nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa. Cada un na medida das súas posibilidades e o seu nivel de formación.

Seguiremos coas directrices da *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación* que regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no *artigo 121* establece que o *Proxecto Educativo* do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no *artigo 111 bis*, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O *artigo 132* da devandita lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro, e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22, e a disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22 sinalan que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Elaboraremos este Plan Dixital en liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021/2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galiza como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require dun proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A participación do coordinador TIC no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que dende a súa responsabilidade pode aportar (na fase de deseño), como pola capacidade de mobilizar recursos da organización e de xerar liderazgos distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implementación).

Ao longo do curso 2021/22 para o deseño e elaboración do Plan Dixital seguimos as seguintes pautas:

- a. Realizamos a análise da situación do centro a través da ferramenta para a diagnose da situación SELFIE, con esta ferramenta realizamos a análise, e detectamos as necesidades, debilidades e problemas que tiñamos no centro.
- b. Test de Competencia Dixital Docente, de xeito complementario o profesorado realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permitiu obter un informe individual coa valoración global do seu nivel de competencia (A1-C2), polas áreas deste marco.
- c. Realizamos a diagnose de situación do centro:
  - c.1. A partir do informe SELFIE xeramos un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu a análise da situación do centro e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
  - c.2. O informe individual do test CDD permitiu ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.
- d. Unha vez feitas as análises comezamos coa elaboración do Plan Dixital. O Plan Dixital realizouse en base a información recollida do informe de análise da situación do centro e de acordo coa estrutura que se recolle no anexo da *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación de Formación Profesional*, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galiza para o curso 2020/22.

- e. Unha vez rematada a elaboración do Plan Dixital este será aprobado polo Consello Escolar unha vez oído o claustro.
- f. No curso 2022/23 o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua. Avaliamos mediante indicadores de logro que serán significativos para medir o grao de consecución dos obxectivos e poder facer axustes e melloras.
- A persoa encargada da coordinación do equipo de dinamización do Plan Dixital distribuirá a organización do Plan:
- Cada titor/a encargarse de difundir o Plan Dixital na súa aula por medio de actividades.
  - O coordinador/a encargarse da publicación na páxina do centro das novidades, avisos, difusión, etc.
  - Os docentes que non dispoñan de titoría encargaranse da realización de actividades interactivas ou busca de actividades para celebracións/conmemoracións para que o alumnado as realice posteriormente.

## 2.- Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

CORREO ELECTRÓNICO	ceip.castrelo.mino@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceip.castrelomino">http://centros.edu.xunta.es/ceip.castrelomino</a>

### Conexión

Se ben dispoñemos de conexión Wifi, con puntos de conexión no centro, o ancho de banda do centro é insuficiente.

### Mantemento

A xestión do mantemento do equipamento do centro é a través da UAC.

### Dotación tecnolóxica

O centro presenta moitas deficiencias. Non contamos cun ordenador para cada aula e os que hai están obsoletos e desactualizados. No referente ás pantallas dixitais, a que temos na aula de 4º, 5º e 6º avaríase constantemente e dificulta a impartición das clases.

O equipamento dispoñible na actualidade consta de:



2 ordenadores de sobremesa na sala de profesores, 1 ordenador de sobremesa en dirección, 4 ordenadores de sobremesa na aula de informática, 1 ordenador de sobremesa na aula de Inglés e 1 ordenador de sobremesa na aula de 1º, 2º e 3º.

1 ordenador portátil na aula de Ed. Infantil e 1 ordenador portátil na aula de 4º, 5º e 6º.

Tres encerados dixitais ( 1 en Ed. Infantil, 1 en 4º, 5º e 6º e 1 na aula de Inglés).

3 proxectores.

3 tablets de recente adquisición.

### **Comunicación coas familias**

Non hai comunicación a través do ABALAR xa que as familias non o usan.

### **Comunicación entre a administración e o profesorado**

Empregamos o correo electrónico corporativo da xunta.

### **Instalación eléctrica**

O sistema eléctrico está anticuado e non hai suficientes caixas de enchufe.

### **Software**

A maioría dos ordenadores están conectados en rede co paquete de oficina Libre Office, en versión 5.4 obsoleta e se requiren outros sistemas operativos para soportar novas versións (7.0).

O equipamento dispoñible consta de:

2 ordenadores de sobremesa na sala de profesores, 1 ordenador de sobremesa en dirección, 4 ordenadores de sobremesa na aula de informática, un ordenador de sobremesa na aula de inglés e un ordenador de sobremesa na aula de 1º, 2º e 3º.

1 ordenador portátil na aula de infantil e un ordenador portátil na aula de 4º, 5º e 6º.

3 tablets de recente adquisición.

1 encerado dixital e un proxector na aula de infantil, e 1 encerado dixital e un proxector na aula de 4º, 5º e 6º.

## **2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO**

Para realizar estas análises empregamos a ferramenta SELFIE ( auto-reflexión), unha ferramenta en liña gratuita que pretende axudar aos centros escolares a plantexar como utilizan as tecnoloxías para lograr unha aprendizaxe efectiva e innovadora.

Baseada no marco da Comisión Europea para organización educativas dixitalmente competentes (Dig-compOrg). SELFIE axudounos a coñecer o que funciona ben, en que aspectos necesitamos mellorar e cales deberían ser as prioridades do noso Centro.

A información que obtivemos grazas ao autodiagnóstico realizado mediante SELFIE foi clave para entender a situación actual e permitiunos tomar decisión orientadas á acción.

Este informe aporta luz sobre a situación actual do Centro dende a perspectiva dos equipos directivos, o profesorado e o alumnado tanto nas áreas organizativas como nas

pedagóxicas en relación co nivel de uso e interacción que realizan as tecnoloxías meses procesos.

**Autoavaliación SELFIE:**

Areas	Grupos	Primaria
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.6
	Alumnado	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.2
	Alumnado	2.8
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.2
	Alumnado	3.1
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	2.7

	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.5
	Alumnado	2.8
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2.1
	Profesorado	2
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.6

**Test CDD:**

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100%</u>
<b>PROVISIONAL</b>			
<b>INTERINO</b>			
<b>SUBSTITUTO</b>			
<b>DESPRAZADO</b>			

*Puntuación e nivel de competencia de centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
48,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B2)

### Puntuación e nivel de competencias por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	<u>48,8</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>PRI.</b>	<u>54</u>	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	4	100%
<b>B1</b>		
<b>B2</b>		
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	4	100%

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUCTURAS. EQUIPAMENTO</b>	C5 Eficacia da asistencia técnica. C14 OP Espazos amplos e axeitados para a instalación dos equipos. C3 Acceso a Internet.	C2 Dispositivos dixitais para o ensino. C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	B3 Colaboracións. Boa disposición do profesorado para encarar a formación dixital. A3 Novas modalidades de ensino. F1 Adaptación ás necesidades do alumnado. F3 Fomento da creatividade. F6 Proxectos interdisciplinares.	A4 Falta de tempo para explorar o ensino dixital. D2 Formación insuficiente do profesorado en competencia dixital. E3 Pouca participación do profesorado en redes colaborativas e entornos virtuais de aprendizaxe.

	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>	F5 Colaboración do alumnado.	H12 Escasas competencias dixitais do alumnado. C13 Carencia de dispositivos dixitais.
	<b>FAMILIAS</b>	A6 Participación das familias na estratexia educativa.	H12 Baixa competencia dixital. C13 Traer o propio dispositivo. Carencia de dispositivos dixitais.
	<b>OFERTA</b>	A3 Novas modalidades de ensino. A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado.	A1 Falta dunha estratexia dixital clara.
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	A2 Desenvolvemento da estratexia co profesorado. Fácil coordinación entre o profesorado (centro pequeno, de poucas unidades). A3 Novas modalidades de ensino. C14 OP Espazos físicos.	C13 Traer o propio dispositivo. C11-C12 Fenda dixital. A4 Tempo para recoñecer o ensino dixital. A1 O centro non dispón dunha estratexia dixital definida.

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	C3 Acceso a Internet. C5 Boa asistencia técnica.	C2 Déficit de medios dixitais para o ensino.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	A5 Coñecemento das normas sobre os dereitos de autor, licenzas de uso e protección de datos.	A1 Estratexia dixital. Falta concreción curricular para orientar sobre a realización do Plan Dixital. A3 Cambios constantes nas Leis Educativas.
	<b>CONTORNA</b>	B3 Colaboración das familias dentro das súas posibilidades económicas.	C11-C12 Brecha dixital. Nivel cultural e socioeconómico medio-baixo.
	<b>ANPA</b>	B3 Colaboración. Disposición	B3 Escaseza de recursos

		para ofertar actividades extraescolares.	económicos que inflúen negativamente na colaboración na estratexia dixital.
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	B3 Colaboracións. Boa relación co Concello. A6 Colaboracións en proxectos con ONGs, asociacións,...	C12 Pouca implicación do Concello cas familias para abordar a fenda dixital.

### 3.- Plan de Acción

O noso Plan Dixital recollerá as accións a desenvolver para mellorar a competencia dixital da organización do centro. Aínda que o proceso desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile, na actualidade consolidáronse unha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón tamén todos aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa. Tendo en conta o mundo no que vivimos, é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, mirando o centro educativo como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvoltos co pulo do equipo directivo e o profesorado dun centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que nos marcamos son específicos e concretos. E todos eles son medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo. Os obxectivos que aquí se enumeran foron elaborados dende todo o grupo TIC que se formou nun grupo de traballo dentro do PFPP que impulsou este Plan Dixital. Un dos nosos obxectivos fundamentais será abordar a brecha dixital existente no nosos alumnado.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*[Recomendacións para este apartado] Indicar:*

*Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso **establecer en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.*

*Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.*

Tabla 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: (LIDERADO) Falta de estratexia dixital do centro. (A)						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Desenvolver unha estratexia dixital dirixida pola equipo TIC do centro sobre a xestión e seguimento do Plan Dixital do Centro.(PDC)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de persoas implicadas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Equipo TIC					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado.			30 de Setembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reunión do Claustro para explicar a importancia do Plan Dixital de Centro.	Dirección	30 de setembro	-Convocatoria do Claustro -Normativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Establecer as reunións necesarias do profesorado dentro das posibilidades de xestión do centro.	Coordinador Equipo TIC	Ao remate do 3º Trimestre	-Convocatorias Equipo TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Motivar ao profesorado, priorizando o plan de formación do centro vinculado ao uso das TIC no desenvolvemento docente diario.	Dirección	Ao remate do 1º Trimestre	-Proposta de actividades de formación do C.F.R. (Centro de formación e recursos do profesorado)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Tabla 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: (PERSOAL DOCENTE) Desenvolvemento profesional continuo. (D)							
<b>1. OBIECTIVO (1):</b>	Fenda dixital para identificar e abordar retos.				Acadado		
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBIECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do profesorado implicado.						
<b>Valor de partida (3)</b>	20% do profesorado do centro implicado						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado do centro con coñecementos de nivel A2 no test de CCD				30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A02.1: Solicitar a formación necesaria segundo as necesidades do claustro con respecto ao Proxecto Educativo en relación ás TIC.	Dirección Coordinador Equipo TIC	31 de decembro de 2022	-Oferta de formación			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A02.2: Determinación das competencias dixitais a alcanzar para obter o nivel A2 de competencia dixital.	Equipo TIC Profesorado	31 de decembro de 2022	-Test de competencia dixital			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A02.3: : Formación do profesorado para acadar o nivel A2 de competencia dixital.	Equipo TIC Profesorado	30 de xuño de 2023	- Centro de formación e recursos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	



Tabla 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: ÁREA DE PEDAGOXÍA : Apoio e Recursos (E)						
1. OBXECTIVO (1):	Promover o uso da Aula Virtual do centro no proceso de ensino-aprendizaxe.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na Aula Virtual do centro por docente implicado.					
Valor de partida (3)	Sen datos previos					
Valor previsto e data (4)	Alomenos 6 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por docente implicado.			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado novo na AV do centro.	Coordinador TIC	30 de setembro de 2022	-Aula virtual do centro -Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Crear e publicar as actividades dos cursos correspondentes na AV do centro.	Profesorado da materia	30 de xuño de 2023	-Actividades creadas -Dispositivos dixitais -Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas.	Profesorado da materia	30 de xuño de 2023	-Actividades publicadas -Aula virtual -Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Tabla 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: ÁREA DE PEDAGOXÍA : Apoio e Recursos (E)						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar Móbil				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe das lecturas dos comunicados Abalar Móbil por parte das familias ao longo do curso.					
<b>Valor de partida (3)</b>	10% das familias que fan uso das comunicacións enviadas dende o centro					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% das familias que fan uso das comunicacións enviadas dende o centro				30 de xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Reunir ás familias para informar da importancia deste sistema de comunicación.	Dirección	30 de setembro de 2022	-Convocatoria reunión -Aplicación AbalarMóbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Potenciar o uso de AbalarMóbil mediante o envío de notificación periódicas.	Dirección Profesorado titor	30 de xuño de 2023	-AbalarMóbil -Dispositivos electrónicos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Tabla 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: (ALUMNADO) Competencia Dixital do alumnado (H)							
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar as habilidades dixitais do alumnado.				Acadado		
RESPONSABLE:	Todo o profesorado				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado implicado na súa aula.						
Valor de partida (3)	Valor no cuantificado						
Valor previsto e data (4)	75% do profesorado			30 de xuño de 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A05.1: Avaliar a situación de partida do alumnado en canto a recursos dixitais e o manexo deles.	Profesorado titor	31 de outubro de 2022	-Enquisas -Ordenador de aula -Aula de informática -Pizarra dixital			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.2: Promover o uso habitual da pizarra dixital na aula nas diferentes materias.	Todo o profesorado	30 de xuño de 2023	-Ordenador de aula -Aula de informática -Pizarra dixital			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- 1.a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - 1.b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - 1.c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - 1.d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - 1.e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4.- Avaliación do plan

Difusión de cada unha das accións propostas neste plan teñen uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coas análises destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos e positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

Para poder avaliar o plan mediremos o grado de consecución dos obxectivos que nos marcamos nestes dous contextos:

1. **No contexto da avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo **unha vez ao trimestre**. Teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:
    - a. Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
    - b. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
  2. **No contexto da avaliación final**, a frecuencia da súa realización será como mínimo **unha vez ao ano**. Teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:
    - a. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
    - b. A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro.
    - c. Análise dos avances do profesorado en materia dixital na práctica docente e nos procesos de avaliación do alumnado, mediante a avaliación da competencia dixital docente a través do CDD.
    - d. A avaliación da competencia dixital do alumnado a través de SELFIE:
      - Valoración da utilización das Tics por parte do alumnado na adquisición e práctica das súas aprendizaxes.
      - Análise dos avances do alumnado coas Tics no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
      - Balance dos programas e/ou plataformas educativas empregadas polo alumnado no proceso educativo /aula virtual, web do centro,...)
- a. No referente ao profesorado:
    - Estimación das dificultades detectadas polo profesorado na xestión das Tics en relación á práctica educativa.

- Concreción da elaboración de material dixital por parte do profesorado.
- Balance dos programas e/ou plataformas educativas empregadas polo profesorado no proceso educativo (aula virtual, web do centro,...)

b. No referente ao Centro:

- Avaliación das melloras acadadas en relación ao equipamento e as infraestructuras requeridas.
- Concrección da participación en programas, actividades e/ou estratexias relacionadas coas Tics.
- Análise do acceso ás Tics por parte das familias do alumnado co obxectivo de atallar a fenda dixital.

- O informe do progreso formará parte da Memoria anual do centro.

### **Propostas de mellora (revisión)**

En función dos datos recollidos no apartado anterior adoptaranse as medidas oportunas e realizaranse propostas de mellora ao finalizar o ano académico en base aos obxectivos non acadados ou parcialmente conseguidos, as cales contemplaranse nunha memoria que formará parte da PXA do centro.

## **5.- Difusión do Plan Dixital**

O Plan Dixital de Centro será exposto nunha reunión de Claustro a finais deste curso escolar para que teñan coñecemento do mesmo e incorporar as achegas que se consideren necesarias. Posteriormente levarase ao Consello escolar para a súa aprobación.

A comezo do vindeiro curso escolar farase público na páxina web do centro.